

**Industrias alimentarias
doan toneladas de
productos para ás
familias necesitadas**

Páxina VI

**ADIF abre as plicas para
a licitación do proxecto
de suspensión do paso a
nivel**

Páxina VI

**Salceda contará con
fibra óptica no 85% do
seu territorio**

Páxina VIII

**A Guarda mellora o
entorno dos colectores
soterrados do Porto**

Páxina XV

**Anteproxecto para a
Senda de circunvalación
ao Monte Santa Trega**

Páxina XV



Salceda creará unha exposición permamente sobre o rancho de reis

Páxina X



OPINIÓN

Por Lucía Lareo Pena

Educando en tempos de corentena

O COVID-19 impactou na cidadanía española facendo sansanar algúns dos dereitos que a esta se lle conceden constitucionalmente. Neste intre non se alude aos dereitos de liberdade de circulación ou de reunión que se viron alterados ante a declaración do estado de alarma, senón ao dereito á educación. É o Artigo 27 da Constitución Española (1978) no que se recoñece o dereito á educación para todos e todas, sen embargo, ¿estase garantindo ese dereito en igualdade de condicións e oportunidades para a totalidade dos/as estudantes?

En España, o 11 de marzo de 2020, o Consello de Ministros recomendou ás Comunidades Autónomas o peche das aulas, confirmándose o 14 de marzo no Real Decreto 463/2020. Neste último proclamábase a suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, grados, cursos e niveis de ensinanza. Segundo a UNESCO, no mundo existen máis de mil cincocentos millóns de discentes afectados/as polo Coronavirus, confinándose nos seus fogares a 9.706.284 estudantes españois de todas as etapas educativas (Educaweb, 2020).

Isto implicou unha inmediata transformación na educación, véndose esta obrigada a mudar de xeito repentino e sen previa preparación o seu carácter presencial para levarse a cabo na modalidade online. Sen embargo, esta reforma desencadea importantes consecuencias que non deben pasar

desapercibidas. É destacable, de xeito especial, a intensificación que sufriu a fenda dixital, entendida esta como “a liña divisoria entre o grupo de poboación que xa ten a posibilidade de beneficiarse das TIC e o grupo que aínda é incapaz de facelo” (CEPAL, 2003).

Cabrera (2020), no seu artigo Efectos del coronavirus en el sistema de enseñanza: aumenta la desigualdad de oportunidades educativas en España, xustifica a intensificación de dita fenda debido á ausencia de dispositivos electrónicos nos fogares e á carencia de formación por parte de pais e nais para axudar aos seus fillos e fillas nas tarefas escolares. Nesta liña, a OCDE (2020) afirma que a medida que se produce un avance dos sistemas educativos cara a aprendizaxe electrónica, a fenda dixital en conexión, acceso a dispositivos e niveis de habilidade increméntase. Polo tanto, o alumnado pertencente a familias favorecidas contan cunha maior probabilidade de posuír proxenitores cuns maiores niveis de habilidade dixital, o que implica un maior apoio na aprendizaxe de ditos e ditas menores dende o fogar. Sen embargo, os e as discentes de familias menos acomodadas presentan unha menor probabilidade de atesourar dito apoio. Deste xeito, exemplifícase unha clara desigualdade que, aínda que anteriormente estaba presente, en tempos

de confinamento —coa ensinanza online que isto implica— se intensifica en maior medida.

Ademais, Galiza, como territorio rural por excelencia, conta cunha elevada cantidade de municipios nos que a conexión a internet é dificultosa e lenta, supondo unha importante traba no proceso de aprendizaxe do alumnado que nos mesmos habita.

Igualmente, debemos reflexionar en que plano queda a inclusión ante a situación vivida, xa que aqueles alumnos e alumnas



que demanden dunha atención educativa ante as súas dificultades de aprendizaxe tamén se verán afectados pola situación. É certo que nos casos diagnosticados si que existe a posibilidade de adecuar os métodos de ensinanza-aprendizaxe e que os nenos/as continúen unha senda óptima no seu proceso educativo, sen embargo, as dificultades intensifícanse para a detección de novos casos, que si que existirán, pero que demandan dunha observación e diagnóstico que se entorpece a raíz da ausencia do alumnado no centro. Isto implica unha detección máis tardía tendo uns claros prexu-

dicados, os/as discentes que requiran de diferentes recursos, apoios e servizos.

De igual xeito, debemos alzar a mirada máis alá do estritamente curricular, e reflexionar sobre a influencia que presenta a non asistencia aos centros na socialización do alumnado, xa que os/as estudantes paralelamente ao proceso educativo levan a cabo un proceso de socialización.

A escola é un dos principais axentes de socialización que integra á familia, á comunidade e á sociedade nun espazo social que fomenta a construción de relacións inter-xeracionais, xeracionais, subxectivas e inter-subxectivas, proxectando guisas de sentir, pensar e actuar. Polo tanto, a escola é un espazo de formación no que a súa esencia reside no encontro e na convivencia da pluralidade, así como no desenvolvemento humano social e individual, tal e como afirma Escudero (2018) no seu traballo Subjetividades e identidades en desconstrucción: la escuela como agente socializador.

A este respecto, é importante recuperar unhas verbas moi pertinentes do pedagogo e filósofo Paulo Freire, quen dicía: “Nadie educa a nadie, nadie se educa a sí mismo; los hombres se educan entre sí, mediatisados por el mundo”.


Con todo, estas liñas só reflexan algunhas das influencias que o COVID-19 está producindo na educación formal, invitando deste xeito a reflexionar sobre o preocupante panorama educativo no que están formándose milleiros de nenos/as e adolescentes que nun porvir —non tan remoto— serán os futuros e futuras profesionais do noso país.

O derradeiro libro de Emma Olsen

BD de Pablo Prado

A adaptación a Banda Deseñada da afa-mada novela homónima de Berta Dá-vila. Nela, a escritora norteamericana Emma Olsen, volta a súa vila natal para afrontar os seus derradeiros meses de vida afectada por unha enfermidade terminal. Adicará o tempo que lle queda a escribir o

libro que nunca foi quen de facer. Unha crónica en primeira persoa dos anos máis importantes da súa vida, os do final da adolescencia. Unha historia de segredos, mentiras e conflitos agochados moito tempo nun lugar no que semella non acontecer nada interesante nunca.



Guía de Ponteareas
á venda en Librería Milfollas
Tlf. 986 66 79 13

NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

#etiquetadosengalego

Con este lema estase a espallar polas redes sociais unha imaxinativa campaña de apoio aos produtos que se etiquetan en galego promovida polo Foro E. Peinador que se engloba a Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros e a Xunta de Galicia, nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística na procura dun maior número de consumidores para a variada oferta de produtos que se poden atopar no mercado, pero tamén para estimular ás empresas que aínda non incorporaron a lingua galega as súas marcas, incentivando a reflexión sobre o valor estratéxico que esta decisión lles podería reportar.

“Eu consumo produtos galegos etiquetados en galego”, “Valoremos o noso con acento propio” e “Elaboramos produtos galegos con acento propio”, son os reclamos que van avalados por creativos gráficos do deseño e ilustración como Xosé Díaz, Héitor K-Rapuchio e Vizoso. Tamén os humoristas gráficos abondo coñecidos polo gran público: Gogue, Xaquín Marín, Luis Dávila, David Pintor, Moncho Borrajo e Xosé Lois “Carrabouxo”, que publican todos os días as súas viñetas en distintos medios de comunicación, e nomeadamente Siro López, que colabora nesta campaña co entusiasmo que o caracteriza. María Ma-

nuela, Lucía Pérez e María do Ceo, recoñecidas voces da música galega, tamén achegan o seu apoio. O xornalista Xavier Fortes, outra figura mediática, pon a súa imaxe a esta campaña, o mesmo que a actriz e profesora Mariana Carballal. Completan a nómina empresarios que xa utilizan o noso idioma nas etiquetas e coñecidos cidadáns xeradores de opinión en cadanseu sector.

A campaña publicitaria inclúe publireportaxes nos representandes do sector agroalimentario falan das súas iniciativas empresariais, que se poden visionar en www.galeguizargalicia.gal. A plataforma que lles ofrece o Foro E. Peinador busca a construción dun novo discurso galeguista que se fundamente nun aserto común: o futuro da lingua galega estará asegurado na medida que esta estea presente na economía e singularmente na etiquetaxe e publicidade dos produtos que chegan acotío aos consumidores.

Un discurso galeguizador que ten precedentes na historia de Galicia, e que, sen embargo, os movementos políticos e sindicais non rescataron para adecualos aos tempos que vivimos. Efectivamente, no primeiro terzo do século pasado, Álvaro das Casas fundou a Unión de Colleiteiros do Ribeiro (UCRA). No seu manifesto fundacional dicíase: “Por onde vaiades con-

vertédevos en propagandistas incansables e fervorosos dos nosos viños. Gabádeos en canto valen e recramádeos sempre... O viño é para nós a gloria e o pan. Unámonos para a súa defensa e a victoria traeranos, outra vegada, o pan e a gloria”. El predicaba co exemplo etiquetando, xa daquela, as botellas da súa adega no noso idioma.

O Partido Galeguista recollía no seu programa político prestar atención a produción autóctona para que se consumiran preferentemente produtos galegos. “O nacionalismo galego”, afirmaban, quere construír unha patria. E unha patria para existir necesita contar cunha economía.

A indiferencia das organizacións sociais actuais, que non lle prestan atención ao sector agroalimentario procurándolles consumidores, redúcelle os espazos de venda a ampla oferta de produtos galegos, que ademais de xeraren riqueza no país apostan pola lingua galega. Velaí a nai do año: a desidia dos galegos, dos partidos políticos, sindicatos obreiros e labregos, que non fan campañas de sensibilización entre os seus afiliados e sectores que lle son afíns.



Tena Galicia?. Tena, aínda que moitos galegos non o saiban. E aínda que economías alleas lle fagan a guerra coa complicidade dos propios galegos”. A Federación das Mocidade Galeguistas tamén levaba no seu programa a proclama: “Comprade produtos galegos e facede propaganda a prol dos mesmos”.

Se queremos que Galicia sexa máis dona de seu, cunha economía propia que se exprese no noso idioma, consume produtos galegos, preferentemente aqueles que as súas etiquetas falen en galego. Ben deitamos de termos un número cada vez maior de empresarios que cren nunha Galicia única.

Por Ramón Coira Luaces

Protagonistas

Fronte á campaña do Goberno Central, que pon como protagonistas na loita contra o coronavirus ás Forzas e Corpos de Seguridade e ao Exército, quero manifestar a miña discrepancia. Os protagonistas son os servizos sanitarios, os demais son colaboradores necesarios. Porén

tampouco vexo ben o seu esquecemento deliberado. Pois tamén están activos e realizan un traballo necesario, controlando as actitudes incívicas dunha minoría da sociedade. Ou é que iso non é necesario? Cuba para moitos é un país idílico, porén alí tamén hai exército, policía e cárceres.

Xa sei que aquí estes corpos están dirixidos desde Madrid e non son neutrais, pero ás veces teño a impresión de que hai demasiada hipocrisía ao respecto. Por que será? Talvez polo pasado franquista ou porque en Galiza sempre se viu á autoridade como allea ao interese da cidadanía, e iso está fomentado deliberadamente por quen con frecuencia esquece ou descoñece cando esa autoridade se exerce ou se procura exercer de xeito positivo; ou cando

nós loitamos por un mundo mellor. Pero así é e onde moitos cospén, fan lama. Pero agora coido que estamos noutra fase e, como dicía Lucía Novas, “A neve sandou / as feridas do corpo. / Tan só fica / pequena cicatriz”.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

OPINIÓN

Por Carlos Méixome

A unha e outra beira: o Atlántico

A tinou Castelao ao empregar as figuras, tráxicas diría el, das irmás Castro como símiles do corpo colectivo da nación, en reiterada frustración, encastada nun recanto entre Portugal e Castela. Lembremos. Dona Xoana (?-1374), a raíña por unha noite, soterrada no Panteón Real de Compostela, repudiada polo inestábel Pedro de Castela. Aquel que bandeaba de Cruel a Xusto segundo amañecese, mesmo á custa de que quen, segundo certa historiografía con excesivo cheiro a invención decimonónica, puxo no seu epitafio: “Aquí xace Fernán Ruiz de Castro, toda a lealdade de España” se enrabiasse. Así foi, o Conde de Lemos, encabuxado polo trato real á súa irmá, cruzou o Miño, asentouse en Monção e desvinculouse, ante notario, da coroa de Castela. Despois Pedro pediría papas e o de Castro decataríase de que os seus intereses, e os da nobreza laica galega, defendíanse mellor apoiando a Pedro na disputa dinástica con Henrique, aínda que este último portase o título galego de Trastámara.

A media irmá Inés (1320 ou 1325-1355), engaiolou outro don Pedro, o de Portugal, mais, poetiza Camões: “O velho

pai sesudo, que respeita/ o murmurar do povo e a fantasia/ Do filho, que casar-se não queria/ Tirar Inés ao mundo determina,/ Por lhe tirar o filho que tem preso,/ Credo co’o sangue só da morte indina/Matar do firme amor o fogo aceso”. Ben saben a historia. Inés asasinada polos temores do rei e a nobreza portuguesa á influencia perversa dos Castro e do “partido galego”. Rememora Camões, tamén de ascendencia norteña: “O caso triste, e digno de memória/Que do sepulcro os homens desenterra,/ Aconteceu da mísera e mesquinha/que depois de ser morta foi Rainha”. O engaiolado Pedro, xa rei, obrigou os nobres conspiradores a bicar o anel da raíña na man esquelética de quen reinou de morta. Prosegue Camões: “Do justo e duro Pedro nasce brande/ (Vede da natureza o desconcerto)/ Remisso e sem cuidado algum, Fernando,/ Que todo o reino pôs em muito aperto;/ Que, vindo o Castelhana devastando/ As terras sem defesa, esteve perto/ De destruir-se o reino totalmente;/ Que um fraco Rei faz fraca a forte gente”. O fraco Fernando reinou en Galicia por aclamación nobiliaria durante tres anos.

Quen devastaba era Henrique, o Trastámara. O “inconstante” Fernando e o magro irredentismo portugués, por temor a Castela, abandonounos. Dona Xoana, aldraxada. Dona Inés, amada, despois de morta.

Mais Portugal aseguraría a súa independencia converténdose nun “azar inexplicable e inexplicable” en palabras de Sánchez Albornoz no seu intento de desentrañar o “enigma” de España. As verbas de don Claudio incítanme a dúas reflexións. Primeira, semella que o nacionalismo español liberal-progresista (sempre subalterno

a respecto do nacionalismo conservador, católico e autoritario) ten serias dificultades para esgazarse da matriz imperialista e castelanista; as dúas veces que o intentou (1873, 1931) fracasou. Estaremos nunha terceira tentativa ou só nun amago?.

Continúa.. poden leelo enteiro en www.novasdoeixoatlantico.com



Por Pere-Albert Barrufet-Couñago

Suso Vaamonde na lembrança

C o gallo dun recital que fixo na Praza da Ferreiría de Pontevedra no 1979, e no cantar o devandito e popular Uah, din que levado polo veemente ardor do público presente na mesma praza e no momento, engadiu-lle na cántiga aquela sonada e vella estrofa pòpular :

*Cando me fan de España
sempre teño unha disputa
que se España é miña nai
eu son un fillo de puta.*

Que pagou cun longo e penoso exilio en diferentes países europeos, rematando en Venezuela. Nun intre que posteriormente tíven de parolar con el, preguntándolle pola inxuriosa estrofa, segundo as autoridades do estado, por boca africanista militar, dixome que nunca a cantaara, foi a xente quen o fixo e coreou. For como for, el pagou moi caro pola mesma. Cunha forte dignidade de galego, membro do pobo labrego, mariñeiro, emigrante, de mulleres admiraveles, de mulleres de sempre na súa historia motor e pilar do país, feita de duro traballo, de sacrificio, de loita

pola vida, de iniciativa e folgos, que a inmorrente Rosalia de Castro, con tanta sinxela como dramática realidade retratou, na súa universal poesía de queixa, de denuncia, na maior parte, da súa precursora literatura, polo trato que recibía e recibe infelizmente aínda hoxe a Galiza, por persoas alleas e propias, somentes de casta traidora. Que renegan da fala. Suso, galego rexo, desinteresado, humilde e valente, onde certos persoeiros da profesión, das inquedanzas, fixorensen o louco, por non dicir o parvo, namentras artistas da veciña Portugal, puxeronse ao seu carón, con solidariedade e agarimo de irmáns, de lingoa, arte e territorio, que o Minho non separa. Como interesadamente pregoan os centralistas de Madrid.

Compre dicir claro e rotundo que el foi o primeiro preso político que tivo a sonada e maquillada transición do 1978. A mesma que lonxe de mudar e evolucionar en liberdade e democracia, cada vez vai peor en tódolos sentidos, peor para todos os españois en xeral, e en particular para as nacións



sen estado de Galeusca, que padecen unha teimosa represión de séculos de dominio, de colonialismo castelán.

Suso naceu no barrio de Regodobargo, parroquia de A Ínsua, concello de (1) Ponte Caldelas, o 20 de Nadal de 1950, e finou o 16 de febreiro do 2000, en Vigo, a causa como el somentes dicía do “bicho”, e dicir do cancro. Famoso lugar Regodobargo, no meio da natureza, regado tanto polos ríos Verdugo como Oitavén, onde nas augas do mesmo foron botadas hai vinte anos as súas cinzas. Moi preto de Redondela de Galiza e de Soutomaior, que a min encantame visitar, gozar e ollar. Onde sua nai dona Araceli Polo, foi mestra de escola, o pai Jesús Vaamonde Campos, empregado dos Almacéns Rocafort de Pontevedra, de mordaz

e fina retransca, “comunista que lia o ABC, e unha nai irredutible e de armas tomar”. Afirmo Miguel Boó. Ambolos dous tivemos a sorte de coñocer, de tratar fora e dentro do seu fogar da rúa Pizarro de Vigo. Suso foi o maior de sete irmáns, tres mulleres, e catro homes, todos eles ceibes e progresistas.

Polos sabidos atrancos que teño no dominio escrito do idioma galego, como eisi no catalán, vou tentar de ser breve e veraz. Nós a muller Vitoria e eu, coñecemos a Suso nun recital seu, que deu a Basilea, que mais tarde repetiu noutra xira pola Suiça adiante e migrante, ateigada de galegas e galegos, algúns membros do GGA-Grupo Galego de Aarau, e doutros centros e irmandades, espallados polo país ou Confederación Helvética. Veu acompañado de Xuli, segunda compañeira, e do xoven fillo Xesús, fillo da primeira muller, que mais tarde atopei algunha vez traballando na desaparecida A Nosa Terra de Vigo.

Continúa.. poden leelo enteiro en www.novasdoeixoatlantico.com

Por Nemésio Barxa

Esperpento no barrio de Salamanca

Esperpento como ridículo, desatino ou absurdo, do que muito sabia e deixou escrito Valle Inclán. Não pensei que chegaria a ser testemunha da realidade esperpéntica de pessoas que se consideram de crase superior, económica e especialmente social, comportando-se como chusma.

É curioso ver a toda essa gente chamada de ordem, seria e circunspecta, que olha habitualmente as manifestações populares reivindicativas de direitos cívicos e sociais com indiferença, superioridade e incluso asco, afeitas a viver na prebenda e na comodidade das suas economias folgadas, como podem invadir a rua desordenadamente, alvoroçando, incumprindo as normativas governamentais e de saúde, golpeando sinais de tráfico e ruído de caçulas, desconformes com o confinamento, que afeta a toda a Comunidade de Madrid. Comunidade que por certo, sem intencionalidade, levou contágio a todo o litoral fugindo do foco infeccioso.

Não critico a opinião e a protesta, pois

são direitos democráticos, mas sempre que se realizem dentro das normas previstas especialmente para estes tempos de pandemia nos que os contágios não se frenam nem reduzem. O realmente grotesco é que o alvoroço tumultuário se produz no franquista bairro de Salamanca madrilenho, o de maior índice de riqueza e nível social, no que já na assonada franquista nunca caíam bombas do exército “nacional” (pois respeitavam as crases pudentes), porque seus privilegiados vizinhos sentem-se oprimidos e decidem iniciar a revolução saltando a lei ao berro de “libertad”. Eles que viveram em total excepcionalidade durante a Ditadura e que nunca sentiram opressão numa Espanha órfã de direitos cívicos e humanos, que nunca censuraram a Billy’s el Niño nem outros torturadores, que ainda hoje defendem os crimes de uma guerra cruenta e uma pós-guerra de ódios e revanches desatadas, de morte, de temor, de fome e de ignomínia e pretendem retornar a esse passado realmente opressivo para a cidadania em geral, no que só os mais po-

derosos gozavam de todo tipo de liberdade incluso para dominar às classes populares. É seu conceito de liberdade, a própria da direita neoliberal ou da extrema direita, o livre comércio e seus privilégios.

São os mesmos que criticavam os “escraches” de gentes que reclamavam modificações legislativas para adequar seus direitos constitucionais a uma vivenda digna à realidade; os mesmos que criticavam as manifestações para recuperar direitos tanto económicos como cívicos.

Pois agora já os vemos, metidos numa confusa turbamulta de berros, ruídos e grito, fazendo “escraches” que eles no seu dia criticaram sem piedade, tanto os senhores de Vox como os do PP e incluso Ciudadanos, quando as vítimas eram membros do PP e que agora, numa atitude que não duvido em qualificar de ódio, reproduzem; há uma sensível diferença, aqueles lutavam por um teto, uma vivenda na que acolher-se, aquecimento no inverno e, especialmente, alimentos e estes fazem-no por razões políticas, alentados por uma direita desnorteada numa comunidade que teve o maior número de infetados e mortos e contra uma normativa sanitária que se demonstrou eficaz. E

tudo envolvidos na bandeira espanhola, recavando para si o nacionalismo patriótico e negando a psoes e comuns a qualidade e sentimento de espanhóis.

Não há bons nem maus; é uma Espanha de sentimento imperial única, invejosa e malévol, que se destroça internamente, mas com os mesmos projetos, e há outras nações peninsulares que fogem de aquelas liortas para tratar de ser elas mesmas.

Esperpento ou carnalada dos que cheios de raiva perderam o sentido do ridículo e tratam de derrubar ao contrário, que tomou umas medidas sanitárias que resultarem eficazes, ainda a costa de um repunte da pandemia entre seus vizinhos. Vemos a diferença de proceder entre as duas Comunidades com maior número de infetados e de mortos: Madrid rebelando-se contra as normas sanitárias mais razoáveis e Barcelona, assumindo a normativa sanitária estabelecida; claro que em Catalunya impera o “seny”

Quinta do Limoeiro, maio do 2.020



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Favor libertatis

O Código Penal-CP- de 1995 suprimiu a redención de penas polo traballo. Dende entón foron continuas as reformas do CP e da lexislación penitenciaria agravatorias das penas tanto á súa duración e a execución. No 2016 estudos moi asisados reflectían un índice de delincuencia inferior nun 27 % á media europea, moi por baixo de Estados tan seguros como Suecia, Dinamarca ou Finlandia. Mais a taxa de encarceramento era a segunda máis alta da Europa (133/100.000 persoas). As penas no Estado español duran un 900% máis ca na Dinamarca e máis do duplo da media da Unión Europea. As penas cumpridas en réxime aberto ou de semiliberdade son só do 17%, cando na media europea atinxen o 27%. Outravolta a Marca España.

A fins de marzo deste 2020 a comisaria de Dereitos Humanos da ONU, Michelle Bachelet, diante dos gravísimos riscos da pandemia, reclamaba a liberdade das persoas presas idosas, de pouco risco social e as que cumpriran delitos non violentos. Na Administración penitenciaria dependente do Goberno do Estado non se cumpriu este pedimento. Pola contra, a supresión das visitas e dos permisos penitenciarios agravou as condicións de vida das persoas presas.

A mesma Administración penitenciaria do Estado, moitas veces coa colaboración da orde xurisdiccional penal e penitencial, deturpan a finalidade constitucional rehabilitadora das penas. A lexislación penitencial sinala que os permisos penitenciarios han ser outorgados dende o cumprimento

do 1/4 da pena, mais son algúns os Tribunais (como a Audiencia de Lugo) que non outorgan estes permisos, malia o cumprimento dos esixentes requisitos legais e concorreren acordos favorábeis unánimes das Xuntas de Tratamento dos cárceres, mesmo até a metade do cumprimento da pena. Moitas son as penas que se cumpren até o derradeiro día en réxime ordinario, sen ningún beneficio penitencial.

A pena limita a liberdade da persoa, mais non pode gravar a súa contorna familiar e persoal. As persoas vencelladas á ETA (inoperativa dende hai nove anos e hoxe fóra da loita violenta), ao movemento independentista galego e máis todas as declaradas culpábeis de calquera delito haberían cumprir a pena canda a súa familia e residencia. O espallamento das persoas presas é unha ferramenta represiva allea a

un réxime penitencial democrático.

Logo está a cuestión das persoas presas políticas vencelladas ao soberanismo catalán. O sdeu caso non ten nada a ver na súa xénese cos casos aquí desenvolvidos. Mais compre falar deles. E absolutamente urgente por razóns humanitarias, políticas e xurídicas rematar coa vergoña do seu encarceramento (que atinxe máis de dous anos e medio nalgúns casos). Botando mán do despenalización total ou parcial do delito de sedición, ausente da meirande parte dos sistemas penais europeos. Ou decidindo un indulto total ou parcial “ad hoc”. Fose como for. Porque a súa situación hoxendía constitúe un escándalo democrático.



TALIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 b). PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
petuerialtalierintl@gmail.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/. Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS Tlf. 986 17 78 63
glittercb2016@gmail.com 645 38 96 68

WILSON'S BAR
O TEU BAR DO MOTOR!

Avda. Castelao, 11 Ponteareas

LOURINHA

O PORRIÑO

Industrias alimentarias doan toneladas de productos para ás familias necesitadas

Diversas industrias do sector de elaboración de produtos alimentarios sitas na contorna están a realizar doazóns ao Concello do Porriño para poder abastecer ás familias máis necesitadas. Segundo novos cálculos do departamento de Servizos Sociais, a cifra de familias en risco de exclusión social pasou das 150 censadas ás 300 debido á paralización de actividades económicas derivada do estado de alarma e do endurecemento das medidas de confinamento pola pandemia do "Covid-19".

A empresa "Nova Pescanova" a que fixo entrega de 200 kilos de elaborados de peixe cuio reparto realizaron a Agrupación de Protección Civil e o propio concelleiro de Servizos Sociais, David



Alonso coa axuda de voluntarios que colaboran con Banco de Alimentos "SOS Porriño".

Recibíronse as doazóns das empresas "Noribérica" que entregou 500 kilos de pescada e bacallau conxelados; "Eurobanan", que aportou 300 kilos en froitas

e "Coren" que doa 250 kgs. en diversos elaborados cárnicos. Tamén fixeron entregas "Pescapuerta", "El Corte Inglés" e "Frinova" que garantirán o aporte de outra tonelada e media máis de alimentos para solventar esta emerxencia.

800 porriñeses recibiron axuda alimentaria suplementaria do Concello en marzo e abril

O departamento de Servizos Sociais do Concello do Porriño realizou un resumo das axudas alimentarias se están a prestar, tanto para a adquisición de produtos frescos e de primeira necesidade coma da entrega de lotes de conservas e outros produtos non perecedeiros a través de "SOS Porriño".

As cifras resultantes amosan a gravidade do impacto do estado de alarma e a inactividade económica na poboación do Porriño.

336 familias que agrupan a 847 porriñeses (536 adultos e 311 menores) recibiron axuda directa do Concello entre o 14 de marzo e ata o 30 de abril, para a adquisición de produtos alimentarios frescos e de pri-

meira necesidade. Trátase do abastecemento realizado perante contratos do Concello coa firma distribuidora "Froiz". Os receptores son familias cuas necesidades son previamente avaliadas polos técnicos do departamento de Servizos Sociais do Concello.

Esta acción extra do Concello de O Porriño complementa á axuda periódica que distribúe o Banco de Alimentos "SOS Porriño" que tamén medrou.

Actualmente 758 persoas do Porriño reciben produtos do Banco de Alimentos, das que 555 persoas xa eran usuarias y 203 son novos solicitantes de axuda.

As doazóns de empresas e industrias da contorna ao Banco de Alimentos continúan nestas semanas de estado de alarma.

Arránxase a pista 1 do pavillón aproveitando a suspensión das competicións

O Concello de Porriño comezou as obras de lixado para o arranxo da pista 1 do Polideportivo Municipal. Os traballos iniciáronse aproveitando o cambio de fase no Plan de Desescalada e a suspensión das competicións deportivas do "Balommán Porriño" e todos os demais clubs que empregan esta cancha para adestramentos e partidos.

Os traballos consisten no acotelado de madeira de arce canadense, barnizado e pintado das liñas das pistas para as diferentes competicións deportivas así como



do escudo e logo do Concello.

Cando rematen estas obras, o Concello terá consumada a reforma

das dúas pistas do Polideportivo Municipal cun orzamento global de 48.387 €

ADIF abre as plicas para a licitación do proxecto de suspensión do paso a nivel

O ADIF confirmou a Eva García, alcaldesa do Porriño a apertura das plicas das empresas interesadas no proxecto de supresión do paso a nivel existente no centro urbano da vila. A resolución deste con-

curso "será inminente e desenvolverase en tres fases, sendo a primeira o estudo xeotécnico" segundo manifestaron responsables do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

O paso a nivel existe en Porriño

dende 1948. A súa supresión é unha demanda histórica que se forzou a partir do accidente de hai catro anos cando o Tren Celta descarrilou por exceso de velocidade o que provocou catro mortos e case un medio centenar de feridos.

O Porriño vencellase ao plan contra a violencia machista durante o estado de alarma

A Concellería de Igualdade informa que o Concello de O Porriño vencellouse ao Plan de Continxencia contra a violencia machista, activado polo Goberno Central debido a pandemia do coronavirus e a obriga do confinamento domiciliario.

O Concello do Porriño garante que todos os servizos de asistencia integral ás vítimas de violencia contra as mulleres están en funcionamento. No que atinxe ao Concello porriñés, o Centro de Información ás Mulleres (CIM) que atende no número telefónica 986 337 429,

e a Policía Local que atende no número 620 40 40 40.

Ademais o Concello faise eco das accións do Plan de Continxencia do Goberno Central establece outras medidas complementarias nestas circunstancias excepcionais que consisten en habilitar un sistema de alerta instantánea mediante mensaxe con xeolocalización que recibirían as fozas e corpos de seguridade; e nun chat-sistema de mensaxería urxente de contención e asistencia psicolóxica en situación de permanencia en domicilios que xestiona a Administración Central.

O PORRIÑO

O Porriño entra na Fase 2 cun pórtico de control na Casa do Concello

Dende o luns 25, coa entrada de Galicia na fase 2 do plan de desescalada, o Concello do Porriño comeza unha progresiva normalización da súa actividade e servizos.

Unha das novidades é un pórtico de control de temperatura e medidas de hixiene para as persoas que accedan ao interior do edificio consistorial. Un conserxe encargase de controlar o acceso que debe ser perante cita previa.

Restablecese a atención persoal en cada un dos departamentos e negociados sempre con cita previa e cando non sexa posible resolver por teléfono ou vía telemática.

Para solicitar atención personalizada perante cita previa, compre que se teñan en conta os seguintes teléfonos: para Servizos Sociais, pedir cita no número 986



334621; para a Unidade de Atención a Drogo dependentes (UAD), no 986 330861; para a Policía Local, no 620 40 40 40; para todos o demais servizos, a través de centralina no número 986 33 5000

Reincorporouse a meirande parte da plantilla. Están exceptuados o persoal pertencente aos colectivos considerados vulnerables e aqueles outros, suxeitos a algún dos supostos de conciliación.

O Concello repartiu routers e tarxetas de internet nos centros para reducir a fenda dixital entre os alumnos

A principios do mes de maio realizouse nos centros docentes do municipio o reparto de routers e tarxetas de conexión a Internet de 60 GB.

Ao CEIP Antonio Palacios, en Torneiros correspondéronlle 38 "routers" e outras tantas tarxetas, ao CEIP da Ribeira (30 routers e tarxetas); no CPR Santo Tomas (11) e o IES Ribeira do Louro (60), ao CEIP Fernández López (42); "Hermanos Quiroga" (8); CEIP Atios (23) e Cruz Budiño (15) e o IES Pino Manso (15).

A operativa é apoiada por voluntarios de Protección Civil do Concello do Porriño para "garantir que se mantiveran as distancias de seguridade e as medidas de hixiene precisas", segundo explicou a concelleira de Educación, Lourdes Moure.

A concelleira aproveitou para reivindicar neste eido que "Porriño está a marcar tendencia na con-



torna. Antes outros concellos veciños estaban a facer e repartir fotocopias e agora imítannos. Semella que Porriño marcou un antes e un despois con esta solución de compra e reparto destes aparellos co propósito de reducir a fenda dixital entre o alumnado dos centros docentes do Porriño", segundo indicou.

As tarxetas só terán vixencia

durante tres meses. Os routers deberán ser devoltos ao Concello onde permanecerán en depósito en previsión de que por un rebrote fose necesario un novo préstamo ou que finalmente cheguen a cumprirse as previsións de que o vindeiro curso comezará en setembro coa metade do alumnado en clases e a outra meta nos domicilios.

O Porriño non recomezara aínda o mercado dos martes

O goberno municipal porriñés que preside Eva García de la Torre reiterou que o mercado ambulante dos martes aínda non se recomezará, a pesar de que entráramos na fase 2 do Plan de Desescalada e que se trata dunha das actividades que podería recuperarse con limitacións de espazo e aforo. Non obstante tanto o concelleiro de

Mercados, Sergio Casal como a Policía Local consideran que as medidas das rúas peonís onde se celebra habitualmente este mercado non garanten que se puideran respectar as distancias de seguridade.

O mercado ambulante do Porriño non se celebra dende a declaración do estado de alarma, polo tanto a última edición tivo lugar o martes 10 de marzo.

O mércores 27 celébrase un pleno por videoconferencia

O vindeiro mércores 27, a corporación local de O Porriño celebrará pleno municipal. Será por vídeo conferencia a través de medios telemáticos.

Trátase dunha sesión ordinaria e polo tanto terá lugar a partir das 18 horas. A orde do día contempla 18 asuntos, ademais de rogos e preguntas.

Hai un importante contingente de asuntos vencellados ao estado de alarma, a crise socio-económica e a necesidade de que o Concello implemente

axudas para reactivar a economía local, coas propostas do goberno municipal e as plantexadas polos respectivos grupos políticos da corporación.

Por outra banda, o pleno da corporación deberá adjudicar definitivamente o servizo de limpeza viaria á firma "Urbaser"; aprobar o novo convenio coa S.A do Plan Xacobeo para a explotación do albergue de peregrinos, e debaterá a nova ordenanza reguladora para a instalación de terrazas en espazos públicos.

Concurso "Batalla de debuxantes: ImprovisDado"

O Concello do Porriño ven de lanzar a convocatoria do concurso "Batalla de Debuxantes: ImprovisDado", dirixida a debuxantes con idades comprendidas entre os 12 e os 45 anos, de nacionalidade española ou estranxeira. Terán que desenvolver de xeito profesional ou aficionado algunha das seguintes disciplinas artísticas vencelladas coa pintura: ilustración, graffiti, tatuaxe, banda deseñada ou outras técnicas de debuxo de manalzada.

A inscrición é de balde. Os debuxos deberán presentarse por vía electrónica en formato JPG ou PDF cunha resolución

igual ou superior a 1.200 px por 1.200 px. Deberán enviarse escaneados ao correo info@vellaescola.com indicando como asunto: Inscrición Concurso ImprovisDado".

O prazo de envío dos debuxos comezará o 1 de maio e estará aberto ata o 30 de xuño.

De entre todos os debuxos presentados serán seleccionados os artistas que concorrirán á final que sí será presencial, que está prevista para celebrarse o 19 de setembro. Terá unhas regras e unha dotación económica en premios que se detallan nas bases que podese consultar na web do Concello e na web do departamento de Cultura.

LOURINHA

SALCEDA

Salceda contará con fibra óptica no 85% do seu territorio

Electra Alto Miño, principal empresa comercializadora de electricidade no concello de Salceda de Caselas leva meses acometendo un importante proxecto de instalación de fibra óptica tanto no casco urbano como en diferentes puntos das sete parroquias. Pero EAM segue a proxectar novos tramos para executar de xeito inminente, cun investimento que dende o 2017 achégase xa aos dous millóns de euros, e que permitirá levar este servizo no mes de xuño ao 85% do territorio do municipio. O investimento lévase a cabo integramente a cargo da empresa comercializadora, sen contar con subvencións de administracións públicas. O servizo ofrece unha velocidade estándar de 100 megas de baixada e de subida, aínda que a empresa está a ofertar tamén outras condicións adaptándose ás necesidades das

persoas e entidades usuarias.

Especial importancia cobra tamén o emprego xerado, xa que a empresa duplicou o seu cadro de persoal para poder acometer o despliegue. Así mesmo abríronse tendas a pé de rúa para poder mellorar o servizo e a atención directa ás persoas usuarias.

A instalación de fibra óptica supón enormes vantaxes sobre o uso do ADSL, destacando o feito de que manteña sempre a velocidade constante independentemente do número de persoas conectadas, xa que é moi difícil que sufra interferencias. Ademais alcanza sempre o máximo de velocidade contratada, a diferenza do que ocorre co ADSL, que no mellor dos casos chega ao 80 ou 90% da velocidade contratada.

O proxecto é, sen dúbida, unha moi boa nova para Salceda, sobre todo o feito de que tamén as zonas rurais do concello poidan



Alex Rodríguez, Concelleiro de novas tecnoloxías, Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda e responsables de EAM na zona do IES Pedras Rubias.

ir beneficiándose da fibra que ata o de agora podían disfrutar os veciños e veciñas do casco urbano.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: "Debemos aproveitar as vantaxes da tecnoloxía que cada día dá pasos axigantados, polo que nos alegamos de que EAM

teña elixido o noso Concello para desenvolver a súa rede de fibra óptica, e sobre todo por levala ata as parroquias, que non sempre poden disfrutar deste tipo de avances. Esta é unha aposta clara polo rural, e un bo aliciente para que a xente opte por vivir no entorno".

O Concello reabre con tódalas medidas de seguridade

A Casa do Concello de Salceda e a Casa da Cultura Castelao volven abrir as súas portas ao público este xoves 21 de maio, unha vez que se conte con tódalas medidas de seguridade precisas tanto para salvaguardar o cadro de persoal como a veciñanza. En ámbolos dous edificios só se atenderá con cita previa, que se pode solicitar a través de teléfono ou empregando a sede electrónica. As citas serán preferentemente telefónicas ou telemáticas, realizando tan só de xeito presencial as imprescindibles, que terán un tempo máximo de 15 minutos. Para estes casos, a veciñanza deberá acudir provista de máscara de protección e traendo sempre un bolígrafo propio, minimizando deste xeito todo risco de contaxio. Ademais realizarán a desinfección de mans na fonte de xel instalada na entrada do edificio do Concello, e mediráselles a temperatura corporal comprobando que non supere os 37 graos tal como está establecido. Habilitaranse tamén portas de entrada e saída diferenciadas, evitando deste xeito o cruce de persoas.

No caso da Casa da Cultura Castelao, reábreanse os servizos de préstamo e devolución de libros, e atención nas oficinas de OMIC e OMIX. Polo de agora non está permitida a recuperación da actividade da sala de estudo, que se volverá ofrecer cando as normas así o permitan e se poidan garantir as medidas de seguridade.

O Concello de Salceda organizou durante estes últimos días a volta ao traballo do seu cadro de persoal, contando cos servizos dunha empresa de prevención de riscos, e co asesoramento do delegado sindical de prevención e saúde. Adquiríronse máscaras FFP2 e os EPIS precisos para o persoal, así como a instalación de mamparas nos diferentes departamentos, nos que se contará ademais con xeles hidroalcohólicos e outros sistemas de desinfección, ademais do reforzo no servizo de limpeza.

A participación veciñal de Salceda, en exposición pública

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou o 13 de abril a aprobación inicial do regulamento de participación veciñal do Concello de Salceda de Caselas, aprobado cos votos a favor dos grupos de goberno (MS e PSOE) e a abstención do PP, e que será o primeiro regulamento de participación cidadá do Concello de Salceda.

O regulamento conta inicialmente con un prazo de exposición pública de 30 días, aínda que a suspensión de prazos do estado de alarma ampliará dito prazo o tempo que sexa preciso, e que será anunciado unha vez remate o mencionado estado. Asociacións, entidades, colectivos ou persoas a título individual poden xa achegar as súas propostas e suxestións a modo de alegacións. Unha vez estea aprobado definitivamente abrirase un prazo de 3 meses para que as asociacións actualicen a súa documen-

tación no rexistro municipal de asociacións e soliciten a participación no Consello Veciñal.

No documento regúlase o rexistro de asociacións municipal e a participación veciñal nas decisións do Concello, e ten como eixo fundamental a creación do Consello veciñal, que canalizará a participación cidadá.

O mencionado regulamento é un dos compromisos do acordo entre os dous partidos do equipo de goberno. Ámbolos dous grupos defenden a participación cidadá como un dos puntos fundamentais da política local, considerando indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan unha participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedor da democracia representativa.

O equipo de goberno agradeceu a laboureira que os colectivos sociais, culturais, deportivos e veciñais desenvolven ao longo



de todo o ano en Salceda, e que, en palabras de Loli Castiñeira, "contribúen a que Salceda de Caselas sexa referente ao longo de toda a comarca polo enorme dinamismo social existente, con multitude de eventos organizados tanto polo Concello como polas diferentes asociacións. Dende o Concello seguiremos a apoiar a cultura, o deporte, e o asociacionismo en xeral tamén nestes momentos

tan complexos".

Verónica Tourón, Concelleira de Participación Cidadá, considera necesaria a existencia de vías "para a intervención directa da veciñanza na construción do noso futuro como pobo, do contrario moitas posibilidades de mellora poden ser estragadas. Un concello aberto e democrático debe impulsar a acción da cidadanía para acadar unha convivencia plena de dereitos".

SALCEDA

Salceda destina 43.000 € para axudar ás familias máis desfavorecidas polo COVID-19

O Concello de Salceda de Caselas destinará un total de 43.137,79 € á atención ás familias máis desfavorecidas dentro da crise orixinada polo coronavirus a través do Programa de alimentos. A financiación será sufragada dentro de dúas liñas de subvención da Deputación de Pontevedra, unha delas específica para paliar os efectos da crise do coronavirus, e a outra dentro do Plan Concellos 2020. Esta aportación ven a unirse aos 5.000 € que o futbolista salcedense Denis Suárez destinara xa a este mesmo concepto no inicio da crise.

As familias que precisan atención a través do programa de alimentos do Concello de Salceda duplicáronse dende o inicio da crise do coronavirus, situándose nestes momentos nas 54 familias



atendidas, con especial seguemento naqueles casos nos que teñan menores a cargo. A maioría dos casos son unidades de convivencia que non tiñan historia social no departamento de servizos sociais porque tiñan unha situación, en maior ou menor medida,

normalizada de ingresos. Neste momento resulta fundamental que todas as administracións se volquen na axuda aos colectivos máis vulnerables, e os servizos sociais de atención comunitaria básicos son a porta de entrada destas demandas e deben dar resposta áxil a estas necesidades básicas, polo que dende o Concello de Salceda se tomou a decisión de destinar estas dúas subvencións ao Programa de Alimentos.

Este investimento suporá ademais un importante apoio para os supermercados da vila, pois toda a xestión realizárase a través deles, con entrega de vales de compra a través do departamento de servizos sociais para consumir nos supermercados locais, válidos para adquisición de alimentación de primeira necesidade e produtos básicos de limpeza.

O Concello de Salceda porá en marcha un gabinete psicolóxico

O Concello de Salceda botará a andar este ano un gabinete de atención psicolóxica que xorde ante a necesidade de proporcionar apoio e asesoramento psicolóxico individual e familiar a todas as persoas que o precisen, sendo previamente derivadas dende os Servizos Sociais. O gabinete suporá un investimento anual de 10.925 €, e estará financiado dentro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Con este servizo preténdese dar resposta á necesidade de atención psicolóxica identificada polo Concello de Salceda de Caselas para a súa veciñanza, e está pensado para público de todas as idades, tanto maiores como menores de idade. O gabinete servirá tamén para traballar de xeito grupal e coas familias interesadas diferentes aspectos relacionados coa educación de crianzas e adolescentes, e para sensibilizar e previr en saúde mental



a través de charlas informativas dirixidas ao alumnado ou á poboación en xeral. Cabe destacar que este gabinete actuará en coordinación con outros servizos e programas que ofrece o Concello como os Servizos de logopedia e Atención Temperá, o Programa "Cultiva a Mente" ou o II Plan Municipal para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, entre outros.

Trátase dunha necesidade que o Concello de Salceda viña detectando nos últimos tempos pero

que se ve acentuada en momentos de crise como o que estamos a vivir na actualidade, polo que dende o equipo de goberno se decidiu reservar unha partida do Plan Concellos para a posta en marcha do servizo.

Gela Ledo, Concelleira de benestar Social: "este servizo dá resposta a unha necesidade da poboación cada vez máis urxente, que ante as carencias do servizo ofertado polo SERGAS precisa dunha resposta máis cercana e inmediata"

Salceda recupera a normalidade comercial



O Concello de Salceda de Caselas, xunto coas dúas asociacións de comerciantes existentes no municipio, veñen de facer unha valoración positiva da primeira semana de apertura de comercio minorista e terrazas. O maior movemento notouse, sen dúbida, no casco urbano, pero noutras zonas comerciais como a da Tabernanova tamén se empezou a notar esa volta á nova normalidade pouco a pouco.

Durante esta primeira semana volveron a abrir as súas portas en torno a un 90% dos comercios minoristas de Salceda que permanecían pechados, e que se suman deste xeito aos comercios considerados de primeira necesidade que mantiveron abertas as súas portas dende o inicio da crise: supermercados, froiterías, droguerías, etc.

Destacou sen dúbida, nesta primeira semana, a intensa actividade que tiveron os salóns de perruquería e estética, todos eles cumprindo e facendo cumprir as máis estritas medidas de seguridade, que foron acollidas con total normalidade e comprensión por parte da clientela.

En canto ás terrazas, inicialmente abriron en torno a un 60% das existentes no municipio, aínda que esa cifra foi aumentando segundo avanzaba a semana e chegaba o bo tempo, ata situarse en torno ao 70%. Sen dúbida este está a ser o sector que carrega máis preocupación ao comité de seguimento do COVID 19, incidindo dende o mesmo na enorme importancia de que a veciñanza siga a manter a distancia física de seguridade

e as medidas de hixiene precisas, e que por parte do sector hostaleiro se incida sobre a súa clientela para que así sexa, pois a posibilidade de desfrutar das terrazas está levando consigo en moitas ocasións que as persoas se esquezan por momentos de que segue a ser máis importante que nunca manter as medidas de seguridade.

A hostalería conta co apoio do Concello, que tendo en conta as limitacións coas que van a seguir contando as terrazas durante moito tempo, veñen de adoptar o acordo de eximir ao sector de pagar a taxa de terrazas durante o que resta de ano, e que ven a sumarse ás demais medidas adoptadas no Plan de medidas económicas aprobado o 25 de Marzo, 11 días despois de decretarse o estado de alarma: suspensión e aprazamento dalgunhas taxas, posta en marcha dunha plataforma online, servizo de asesoramento directo a persoas autónomas, campañas de apoio ao comercio, etc..., así como a posta en marcha da campaña "o teu comercio de sempre, con toda a seguridade" que luce na maioría do comercio de Salceda. Tamén ACISA traballa en iniciativas de fomento do comercio local que verán a luz nos vindeiros días.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: "Nesta nova fase faise máis importante que nunca seguir apelando á responsabilidade individual das persoas. Rematamos a fase 0 con un total de 10 casos en Salceda, e é un moi bo dato que só é posible manter se actuamos con conciencia e precaución"

LOURINHA

SALCEDA / MOS

Salceda creará unha exposición permanente sobre o rancho de reis

O Concello de Salceda de Caselas destinará un total de 11.770 € á creación da exposición permanente que levará por título "O rancho de Reis de Salceda de Caselas", que estará ubicada no hall do Auditorio Municipal. A mostra estará financiada pola Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2020 e contará con dúas zonas diferenciadas pero gardando concordancia entre si. Por un lado instaláranse tres obras pictóricas de Xose Ramón Paz Antón que ilustran distintos momentos do Rancho de Reis de Santa María de Salceda. Na outra zona estarán ubicados tres expositores nos que se exporán os traxes representativos das figuras do rancho de reis de Salceda: os danzantes e a dama. Estes traxes son propiedade do Concello, e véñense cedendo anualmente para o seu uso ao rancho da Feira, estando a disposición das asociacións que os precisen. Ademais haberá a posibilidade de ir ampliando a mostra coa exhibición de outros elementos representativos como as roupas de cabalos e cabaleiros ou imaxes actuais e antigas. Estas instala-

cións acompañaranse dunha nova decoración e iluminación do espazo acorde á temática e co obxectivo de por en valor a obra.

A danza de reis de Salceda, co seu canto, a súa música, a coreografía, a vestimenta e os usos sociais que rodean a súa representación, é a mellor mostra que se conserva de entre todas as danzas de reis que existiron na antiga provincia de Tui. Hai douscentos anos había ranchos en case todas as parroquias do sur da provincia de Pontevedra e daquel tempo quedaron só á celebración dos Reis de Salceda, de Río Frío, de Guláns e pouco máis. Esta manifestación é como un fósil cultural que nos ilustra sobre as celebracións profanas e relixiosas que se perden no río do tempo. O Rancho de Reis de Salceda xunto á súa curiosa transformación parcial no Rancho de Entroido, forma parte dun corpus



máis amplo que son as danzas gremiais ou tamén denominadas ultimamente Danzas Brancas.

No caso de Salceda, o rancho desaparecera alá pola década dos 50. Na década dos 80 houbo un intento de recuperación por parte do Centro Cultural de Castro Barreiro que durou uns poucos anos pero que non conseguiu manterse. Sen embargo, no ano 2004 a asociación cultural o Serán recuperou o rancho de reis, que se mantén na actualidade, ao que se lle sumou a asociación cultural A Feira no ano 2018 coa recuperación do rancho de entroido e a continuación do rancho de reis.

A saída mosense de La Vuelta trasládase ao 5 de novembro

A crise sanitaria do COVID-19 motivou un retraso de La Vuelta Ciclista a España do presente ano 2020, que se celebrará entre o 20 de outubro e o 8 de novembro.

A etapa Mos-Porto Matosinhos (que agora pasa a ser a etapa 15) terá lugar o xoves 5 de novembro, e así llo comunicou a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, aos membros integrantes da Mesa Local de La Vuelta, e ao presidente da Comunidade de Montes de Mos, xa que do Pazo de Mos sairá esta etapa chã de 178 km de percorrido.

Mos é unha das saídas inéditas de La Vuelta 20. A etapa ten un padriño de excepción. Óscar Pereiro, embaixador de La Vuelta, gañador do Tour de Francia 2006, e nativo de Mos.

Con este cruzamento de fronteiras, e tras eliminar as tres primeiras etapas e a saída desde os Países Baixos, a de Mos convértese na única etapa internacional de La Vuelta. O percorrido da 15ª etapa bordeará a costa portuguesa, aínda que o vento non debería afectar o desenvolvemento da etapa, con previsible chegada ao sprint.


**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO


PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



CONFITERIA
Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de framuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834

Vinoteca
Eira Vella
 viños, tostas, pulgas e demais ...



Rosalía de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706


**INMOBILIARIA
MERCA VENDA**

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos



Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
 Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
 mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

Os Servizos Sociais de Tui coordinan a atención ás persoas vulnerables durante o estado de alarma

Detectar e prestar atención ás persoas en situación de vulnerabilidade, facilitar material de protección e coordinar a atención foron tres dos eixos sobre os que xirou o traballo dos Servizos Sociais Comunitarios ao longo das últimas semanas coa crise do Coronavirus. Este departamento municipal mantivo o traballo dende a casa do concello contando co apoio continuado da Policía Local e Protección Civil.

O servizo reforzouse nas últimas semana coa contratación dunha terceira traballadora social.

Coa declaración do Estado de Alarma, o pasado 14 de marzo, dende os Servizos Sociais Comu-

nitarios do Concello de Tui púxose en marcha un procedemento de coordinación co Centro de Saúde, a través da traballadora social, as residencias de maiores, o Centro Sociocomunitario e outras entidades prestadoras de servizos sociais para detectar e poder prestar atención ás persoas vulnerables ante a nova situación derivada da COVID19.

Do mesmo xeito estableceuse un sistema de coordinación do Servizo de Axuda no Fogar, o programa Cultiva a túa Mente que se realiza xunto con AFAGA e ARI.

Coas tres residencias que hai na cidade, San Telmo, Paz e Ben e Doroteas, levouse a cabo unha estreita colaboración proporcio-

nándolles material de protección coma xel hidroalcohólico, mascarillas, batas, buzos, gorros, e realizando semanalmente desinfeccións.

Do mesmo xeito facilitáronse mascarillas e batas ás traballadoras dos dous servizos de axuda no fogar, SAF, que hai no municipio, un deles de xestión municipal e outro de xestión privada. Neste estado de alarma rexistrouse a alta de dous usuarios no SAF para servizos de 20 horas para a adquisición de alimentos e acompañamento, e está en proceso unha nova alta. Tamén de forma temporal rexistráronse algunha baixas debido á permanencia no domicilio dos coidadores habituais ou para previr contaxios.



Reunión de traballadoras sociais

Por outra parte habilitouse un programa de vivenda, a través dun convenio de colaboración cun albergue local, para dar atención ás persoas sen teito que

nese momento había na cidade, ou que debido ao peche das fronteiras se viron inmovilizados en Tui. Catro persoas permanecen neste programa.

Tui pon en marcha unha plataforma de venda on line para o comercio local

O Concello de Tui ultima posta en marcha dunha plataforma de venda on line para o comercio que reúna nunha mesma tenda dixital todos os produtos que ofrecen os establecementos locais. Trátase dunha das medidas acordadas pola corporación dentro do Plan de Reactivación Económica para apoiar ao comercio local e contribuír a paliar os efectos provocados pola crise da COVID-19. O concello de Tui financia e pon en marcha esta nova ferramenta coa que adaptarse aos novos tempos e aos novos hábitos de consumo e apostado pola profesionalización e a competitividade.

Trátase dunha aposta pola dixitalización nun novo escenario no que debido á pandemia do coronavirus se produciron cambios nos hábitos de compra dos consumidores. Con esta nova plata-

forma o produto local estará a un clic do consumidor que recibirá no seu domicilio a compra que poderá realizar dende unha mesma plataforma independentemente do tipo de produto ou comercio que o teña a disposición.

Entre as características deste servizo web está o seu carácter local e social.

A Plataforma terá un mercado carácter local dunha banda porque serán os comercios tudenses os que a integren, e porque está desenvolvida por un emprendedor local. Esta aplicación de venda online integrada polos establecementos tudenses prestará servizo a nivel local, pero en función da demanda poderá chegar a enviar os produtos a calquera punto do territorio nacional ou internacional.

O carácter social vén dado pola aportación que se realizará a causas sociais, destinando a este fin

unha pequena parte das vendas xeradas, o que se traducirá nunha economía circular. Mensualmente se informará das aportacións realizadas e das causas cubertas.

A través deste novo espazo comercial virtual un cliente poderá mercar a través do móbil, a tablet ou o ordenador, produtos de alimentación, roupa, menaxe, ferretería... e recibilos nun mesmo envío ou en varios en función da disponibilidad do produto nese momento. Para a entrega a domicilio porase en marcha un sistema de loxística local que prestará o servizo. O pago realizarase, a través dun sistema seguro, na mesma plataforma.

Proximamente darase a coñecer o sistema para que os establecementos interesados en formar parte desta plataforma de venda on line soliciten a súa alta no mesmo.

O comercio local distribuirá 3.600 máscaras hixiénicas reutilizables elaboradas polo grupo "Bicho fóra"

O comercio local comezará a distribución de 3.600 máscaras hixiénicas reutilizables elaboradas polo grupo "Bicho fóra". Este grupo realizou xa con anterioridade outras 3 mil máscaras.

O Concello de Tui adquiriu o material co que se teñen confeccionado as máscaras. Trátase de tecido de sarga 195-205 gr/m², de composición 35% algodón e 65% poliéster, lavable a 60°. Ten un acabado hidrófugo cumprindo co test AATCC-193 (repelencia a líquidos) e antibacteriano que cumpre co test UNE EN 14683 (tecidos para máscaras). Posúe unha eficacia de filtración bacteriana superior ao 90% e a respirabilidade en canto a presión diferencial por debaixo de 60 Pa/cm², soportando 25 lavados. Esta especificación cumpre coa

norma UNE 0065:2020, del Ministerio de Sanidad publicada el 15 de abril.

As máscaras, embolsadas de xeito individual e previamente desinfectadas, serán distribuídas nos establecementos asociados a ACITUI e EMPRETUI.

Estes elementos de protección son froito dunha cadea de solidariedade na que o Concello de Tui doou a tea ao grupo de voluntarios e voluntarias Bicho Fóra, que cortaron e confeccionaron as máscaras, e coas asociacións de comerciantes ACITUI E EMPRETUI que as distribuirán entre os seus asociados, e estes a súa vez entre os seus clientes.

Dende o Concello de Tui amósase o agradecemento a todas as persoas implicadas nestes proxectos pola solidariedade amosada e o esforzo realizado.

BAIXO MIÑO

Néstor Rego (BNG) solicita ao Goberno Central a apertura inmediata dos pasos fronteirizos das Eurociudades do Miño

O deputado nacionalista no Congreso, Néstor Rego, solicitou a principios de maio ao Goberno a apertura inmediata dos pasos fronteirizos das Eurociudades do Miño para permitir a circulación de traballadores e traballadoras que deben desprazarse ao seu posto de traballo no estado veciño. Así mesmo, Rego solicita un estudo dos danos económicos, a inxección de fondos suficientes e a activación de políticas de apoio á zona transfronteiriza xa que durante todo o estado de alarma está a sufrir un “dobre impacto económico, tanto polo peche de

fronteiras como pola COVID-19”.

Rego presentara a semana anterior unha proposición non de lei na que destaca que a cooperación transfronteiriza a ambos lados da fronteira é unha das máis consolidadas e con máis tradición en España e Europa. Destaca que o territorio transfronteirizo do Miño é a área máis dinámica economicamente da Unión, tanto por estar no medio do eixo Vigo-Porto como por compartir relacións comerciais, industriais, culturais e lingüísticas. De feito, a fronteira de 70 quilómetros con Portugal en Pontevedra é a que asume o 49% de todos

os tránsitos entre os dous estados.

Sen embargo, lembra o deputado, a pesares desta situación, cando se decretou o peche de fronteiras para conter a COVID-19 non se tivo en conta o funcionamento e xestión compartida das Eurociudades, e o confinamento supuxo un duro golpe para as súas economías, motivo polo que agora que se entra na fase de desescalada é preciso apostar por abrir os pasos fronteirizos e permitir a intercomunicación.

Nestes momentos, só está aberto unha das seis pontes que cruzan o río Miño o que, nalgúns

casos, provoca rodeos de traballadores e traballadoras dunha e doutra marxe que chegan ata os 100 quilómetros, o que fai insumible economicamente o custe do desprazamento en relación ao salario percibido. Así, tendo en conta as medidas de control precisas, solicítase que non só estea aberto o paso de Tui-Valença, senón que se abran outros.

Tamén se solicita, entre outras medidas, a elaboración dun estudo de impacto, que se destinen todos os fondos necesarios para paliar o dano do peche da fronteira e da COVID no territorio, así como a adopción de políticas de reac-

tivación económica. Fai fincapé, así mesmo, na necesaria coordinación entre os gobernos portugués e español para a desescala e na armonización de medidas e actividades permitidas a ambos lados da fronteira.

Por último, o deputado nacionalista Néstor Rego subliña a importancia de que o Goberno se dirixa e dialogue coa Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza do Miño (AECT Río Minho) como axente institucional e xurídico polo seu coñecemento do terreo, como mellor instrumento para a proposición de medidas conxuntas.

O arquitecto César Portela rematou a redacción do anteproxecto de rehabilitación do Teatro Principal

O arquitecto César Portela vén de rematar a redacción do anteproxecto para a rehabilitación do Teatro Principal de Tui. O Concello de Tui encargoulle este cometido como paso previo para coñecer o investimento preciso e comezar a xestionar as posibles vías para acoñecelo.

César Portela, que nos anos 80 realizara xa un proxecto de rehabilitación inmoble, tivo agora que adaptalo ás novas normativas en vigor tanto en materia de seguridade coma de accesibilidade, e á situación actual do inmoble. Un reto que o arquitecto asumiu tendo en conta o valor histórico, cultural, urbanístico, arquitectónico e simbólico do edificio. A fachada principal manterase conservando a tipoloxía do edificio, e a dimensión, posición e forma do teatro. Na fachada traseira que da ao río aproveitarase esta



condición e a súa posición estratéxica para crear unha galería cun balcón sobre o Miño, onde se poderá emprazar un establecemento de restauración. Contémplase tamén que a pequena finca da parte traseira poida empregarse coma terraza.

Con este anteproxecto o Concello de Tui poderá adoptar medidas encamiñadas a garantir que o edificio non se siga de-

gradando, e a recuperar aquelas pezas de interese que poida haber no seu interior. Estas actuacións están xa contempladas no documentos.

O seguinte paso será buscar o financiamento preciso para facer da rehabilitación do Teatro Principal unha realidade, e que o edificio constitúa a súa vez un eixo dinamizador do conxunto histórico de Tui.

O Consorcio do Louro reparará o afundimento na Ponte Romana

O Consorcio de Augas do Louro ten adxudicado á empresa Galaicontrol SL os traballos de redacción do proxecto de reparación do afundimento dun treito do Colector Interceptor Xeral de Tui e na estrada de acceso á depuradora de Guillarei, situados no entorno da Ponte Romana.

Durante estes días a empresa ven realizando diversos traballos de campo e tomando mostras mediante sondaxes así como realizando ensaios de penetración no terreo para calcular a capacidade resistente do mesmo.

A vindeira semana realizarase un by-pass do treito de colector afundido para inspeccionar o seu interior mediante unha cámara de vídeo, co obxecto de completar



a información necesaria para elaborar un estudo de alternativas de reconstrución.

A alternativa escollida deberá ser consensuada previamente coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, propietaria das instalacións.

Recoméndase transitar pola dereita nas beirarrúas

Ante a crise sanitaria xerada polo COVID-19 e tendo en conta as recomendacións sanitarias dende o concello de Tui recoméndase á veciñanza transitar sempre pola dereita nas beirarrúas, para deste xeito evitar cruzarse con algunha persoa en sentido contrario e mantendo así

a distancia de seguridade.

Así o sinala o alcalde, Enrique Cabaleiro, nun bando no que fai fincapé na importancia do “esforzo de cada un de nos en cumprir todas as recomendacións sanitarias que os expertos están a indicar” para loitar contra esta pandemia.

Tomiño rehabilita o edificio da antiga Escola Obradoiro de Goián para facelo máis sustentable

O Concello de Tomiño está levando adiante a rehabilitación enerxética da antiga Escola Obradoiro de Goián, consistente no acondicionamento e mellora da envolvente actual do edificio, renovación completa da cuberta, dunha parte da fachada, renovación da carpintería exterior e instalación dun sistema de ventilación con recuperación do calor para renovar o aire interior.

Na actualidade, o consumo enerxético do edificio é moi alto, debido a que é necesario quentar continuamente o interior para garantir una temperatura confortable. Ademais, o edificio sofre outras patoloxías relacionadas coa situación actual da envolvente térmica, coma son grandes manchas de humidade no exterior das fachadas, producidas pola inexistencia de canelóns e baixantes provocando que dita humidade penetre no interior do edificio,

Co fin de mellorar a eficiencia enerxética do edificio e reducir o gasto en calefacción, dispórase un sistema de illamento térmico composto por placas e revestimento final. Deste xeito, conseguirase reducir as perdas de enerxía e resolver os problemas de humidades por condensación existentes, aportando un aca-



bado renovado.

Tamén se procederá á substitución da carpinterías de madeira existentes por outras de PVC de cinco cámaras con vidro dobre, que aumentarán o illamento térmico da envolvente e a estanquidade ao aire.

Para aumentar a eficiencia enerxética en fachadas e cubertas, instálase un sistema mecánico de renovación de aire interior con recuperadores de calor, que permitan garantir unha adecuada calidade e salubridade do aire interior sen apenas perdas enerxéticas.

Esta obra é posible grazas a unha subvención de 142.203,73 euros outorgada polo IDAE (Instituto de Eficiencia Enerxética), dentro do Programa de sub-

vencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, Medida 1. Rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios municipais. O Concello achega ademais unha partida de 62.766,89 euros.

Para Fran Campo, concelleiro responsable da área de Promoción Económica (que visitou as obras co arquitecto encargado), esta rehabilitación do edificio era moi necesaria para garantir unhas condicións óptimas ás persoas que realizan cursos de formación impulsados polo Concello durante todo o ano.

Alcaldes do Baixo Miño reclaman que se abran máis pasos de fronteira



As alcaldesas e alcaldes do Rosal, Tomiño, Tui e A Guarda mantiveron unha nova reunión virtual no marco da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño para analizar o efecto que ten nestes catro municipios o peche das fronteiras entre España e Portugal, concellos cun alto número de traballadores que cada día deben cruzar o Miño para acudir ao seu posto no país veciño. Por este motivo, as rexedoras e rexedores reclaman a apertura de novos pasos fronteirizos para os empregados como medida de alivio, permanecendo pechadas á libre circulación de persoas.

Avogan por esta medida como unha mellora das condicións de todos aqueles traballadores que sofren por partida dobre a pandemia ao vivir e traballar nun dos territorios transfronteirizos máis interrelacionados e economicamente máis dinámicos de toda Europa, xa que asume o 49% de todos os tránsitos de vehículos e persoas

entre España e Portugal.

A situación actual que están a vivir moitos veciños e veciñas é complicada, con longas colas para poder cruzar a fronteira cada día e con percorridos de máis de 60 quilómetros entre ida e volta para poder chegar as empresas que antes do estado de alarma e emerxencia en España e Portugal estaban a escasa distancia dos seus domicilios. Incremento de molestias, tempo de desprazamento e tamén custes que “en moitos casos son inasumibles cuns salarios que en moitos casos son baixos”.

As alcaldesas e alcaldes da Mancomunidade están convencidos da necesidade de abrir novos pasos fronteirizos a traballadores, aínda que sempre baixo os máis estritos medios de control e seguridade, mantendo o operativo que xa se está a desenvolver no paso de Tui-Valença, “garantindo así a seguridade da poboación e evitando un paso atrás que nos leve de novo a medidas de confinamento”.

Tomiño pon en marcha un programa formativo para a transformación estratéxica e dixital do comercio local

O Concello de Tomiño continúa co seu apoio ao comercio local coa posta en marcha dun programa formativo para a súa transformación estratéxica e dixital, axudándoo así a mellorar, innovar e adaptarse a unha nova realidade cambiante. “O que sería un proceso que podía levar seis ou sete anos acelerouse en tres meses e a moitas persoas a nova realidade colleuna por sorpresa. Por este motivo, no Conce-

llo queremos estar ao lado do comercio local e ofrecerlle todas as ferramentas necesarias para que estean preparados tanto para o momento actual como para o que poida pasar nun futuro. O perfil do consumidor cambia e o comercio ten que ir adaptándose”, explica a alcaldesa, Sandra González.

O obxectivo do programa, que arrancará en breve, será ofrecer ao comerciante unha formación útil e de calidade adaptada á

nova realizade e crear un marco de traballo para mellorar o comercio local. Está dirixido a todos os pequenos comercios tomiñeses e será de balde e totalmente en liña. Todas as persoas interesadas en participar xa poden inscribirse a través da web do Concello.

Obradoiros grupais e asesoramento personalizado

O programa estará dividido en dúas partes. Durante a primeira fase realizaranse seis obradoiros

formativos grupais online a través de videoconferencias impartidas por persoas expertas ás que as e os comerciantes poderán asistir dende os seus domicilios ou dende os seus propios negocios. Serán obradoiros interactivos nos que se abordarán o novo perfil de consumidor e os posibles escenario de futuro e nos que adquirirán novas estratexias de vendas mellorando as súas habilidades no manexo de ferramentas dixitais e

aprendendo distintas estratexias de marketing acordes á realidade.

A segunda fase deste plan de formación irá dirixido a un grupo máis reducido de comerciantes que contarán co apoio de persoas expertas para reorientar o seu negocio, potenciar as súas fortalezas e buscar solucións para as súas feblezas cunha estratexia empresarial a medio e longo prazo para aproveitar as oportunidades do mercado e ser máis competitivo.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O concello da Guarda suspende todos os eventos ata o 12 de xullo

Diante da incertidume que hai sobre a evolución da emerxencia sanitaria que estamos a vivir e dado que a programación e organización de eventos culturais, lúdicos, deportivos e de carácter turístico ten que facerse coa debida antelación, os responsables municipais mantiveron contactos con todas as asociacións e persoas implicadas na organización destes eventos, así como cos portavoces dos grupos políticos con representación municipal.

O obxecto destes contactos foi principalmente, trasladar por parte do alcalde, Antonio Lomba, a intención de aprazar ou suspender os eventos dos vindeiros meses no concello da Guarda. Todos os implicados manifestaron a súa conformidade en canto a esta decisión. Conscientes do esforzo e do tempo que leva organizalos, da imposibilidade de facelo nas actuais circunstancias, da incertidume sobre a obtención das autorizacións necesarias e as previ-



sións da falta de participación, no caso de conseguir facelos.

Entre os principais eventos que non se celebrarán este 2020 no concello da Guarda atópanse dous que atraían un importante número de visitantes a vila, a festa das Alfombras Florais con motivo do día do Señor, prevista para o día 14 de xuño, e a festa da Langosta e da Cociña Mariñeira, prevista para o primeiro fin de semana de xullo.

Dependerá da evolución da emerxencia sanitaria e das directrices a seguir que marque o

Goberno Central, para tomar decisións sobre a celebración de eventos que, sen supoñer aglomeración de persoas, poidan ser referentes de ocio, entretemento e cultura para a cidadanía. Sabemos que da diminución de contactos entre as persoas depende o control desta pandemia, e sabemos tamén que a desescalada producírase de forma progresiva. Todos e cada un de nós debemos colaborar para acabar coa pandemia o que permitirá recobrar a normalidade nas nosas vidas no menor tempo posible.

Acordo de medidas urxentes no plano económico e social a proposta do BNG local

No debate en pleno celebrado no día 5 de maio a raíz da proposta presentada polo BNG de medidas urxentes a desenvolver polo Concello de A Guarda para combater a crise económica e social provocada polo COVID -19, os grupos municipais do Concello acordaron a creación dunha mesa técnica para concretar as medidas económicas e sociais a levar adiante cos informes económicos e xurídicos que procedan para poder facelas efectivas no menor prazo posible de tempo e dentro da legalidade.

Tamén se acordou a creación dunha mesa local do emprego na que participen asociacións de comerciantes, confraría, asociación pesqueiras e sindicatos ademais das organizacións políticas.

Ao mesmo tempo aprobouse a supresión das taxas as terrazas municipais así como dirixirse a portos de Galiza e Costas do Es-



tado con competencias sobre terrazas para que apliquen a mesma medida.

O portavoz municipal do BNG, Anxo Baz declarou, "considero de moito interese o debate xenerado en torno a moción que presentou o BNG e agardo que as medidas que nós propoñemos coas enmendas que sexan necesarias por parte dos outros grupos enriquezan o documento que presentamos polo ben de todo o vecindario da Guarda".

O Concello destinará máis de 130.000€ a un plan de choque para a reactivación económica da vila

O pasado mes de marzo, e tan só 10 días despois do anuncio do estado de alarma, o Concello anunciaba un primeiro paquete de medidas económicas, que foi seguido por un segundo paquete durante o mes de abril, ao que se sumou fai uns días a exención do pago de terrazas para establecementos hostaleiros. A través destas medidas pretendíase minimizar, na medida do posible, o impacto negativo desta crise na economía da veciñanza e das empresas na súa relación coa administración local.

No proceso de desescalada e de cara á recuperación e reactivación económica local, levarase a cabo unha importante aposta a nivel de recursos municipais e valerémonos, nesta difícil tarefa, do apoio dunha empresa consul-

tora especializada no deseño e posta en marcha de plans de dinamización turística e comercial a nivel municipal.

Unha das principais medidas na que levamos traballando fai unhas semanas, e que temos previsión de que comece a funcionar a partir de mediados de maio, sería unha plataforma de venda online, que poderá ser utilizada por comerciantes e hostaleiros da localidade e que pretende relanzar as vendas nestes sectores, especialmente castigados polo coronavirus.

Preténdese crear un gran mercado virtual onde estean representados aqueles comercios, negocios de restauración, postos do mercado e incluso autónomos/as ou empresarios/as do sector primario que desexen vender os seus produtos, non só



a nivel local senón tamén no resto de España e Portugal.

De xeito paralelo porase en marcha unha campaña de sensibilización para o consumo no comercio local que estamos ultimando nestes días. Sabemos que A Guarda é un pobo solidario que sabe estar á altura das circunstancias, e estamos seguros/as de que a cidadanía quere un pobo con rúas cheas de vida e estará ao carón do comercio e a hostalaría local nestes duros momentos.

O 14 de maio trasladouse con maior detalle todas estas iniciativas á Mesa Local de Comercio á que foron convocadas as persoas representantes das asociacións de comerciantes e empresarios/as (ACIGU, Mercado do Reló, AGUDE e Mercaguarda), a Asociación de Consumidores Aldraman, así como os portavoces dos grupos municipais, e na que recolleron as súas inquedanzas e propostas respecto a esta situación nunca antes vivida.

A Guarda pide rectificación a El Hormiguero

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, ven de remitir unha carta á dirección do programa "El Hormiguero" de Antena 3 despois do malestar e disconformidade postos de manifesto na emisión do pasado martes día 12 de maio de 2020, onde o colaborador habitual do programa "Marrón", fixo unas declaracións sobre as Festas do Monte Santa Trega que en nada exemplifican a esencia das festas, identificando erroneamente as arraigadas tradicións das mesmas.

Antonio Lomba quixo destacar na misiva que, o carácter desta Festa, ao son da percusión das 20 Bandas Mariñeiras, das cales a mais veterana ten xa 53 anos, é familiar e fraternal.

A “Sociedad pro-Monte Santa Tecla” disólvese por decisión xudicial

A “Sociedad pro-Monte Santa Tecla” fundouse en 1912 coa finalidade de fomentar o turismo e poñer en valor o monte Santa Trega, impulsando sobre todo a súa paisaxe e o patrimonio arqueolóxico do xacemento castrexo. Esta Sociedade foi, sen dúbida, verdadeiro motor social e cultural da Guarda durante boa parte do século XX, ata que no ano 1979 os seus socios se reúnen por última vez en Asamblea Xeral.

Con posterioridade creouse o Padroado do Monte Santa Trega, un órgano que, xunto co concello, veo a asumir os mesmos fins que tivera durante o seu funcionamento a “Sociedad pro-Monte”. Nesta situación, a histórica Sociedade perdeu a súa razón de ser e deixou

de ter actividade. Os anos foron pasando e dada esta falta de actividade e as nulas posibilidades de reactivación, algúns membros da última xunta directiva consideraron que a mellor saída era a súa extinción. Entregando ao concello da Guarda os seus bens a fin de garantir que os mesmos seguisen sendo de desfrute de todos os veciños e veciñas da localidade.

O proceso de extinción da “Sociedad pro-Monte Santa Tecla” comezou no ano 2017 cando os membros vivos da última xunta directiva do ano 1979 foron convocados polo presidente en funcións, Antonio Martínez, a unha reunión extraordinaria con un único punto na orde do día: a disolución da “Sociedad pro-Monte”. Nesta reunión, que se prorrogou

en dúas sesións máis, en días diferentes, non se chegou a un acordo sobre a extinción.

A intención última de parte dos membros da xunta directiva era aplicar o artigo 34 do seu regulamento que dispón que no caso de disolución, “los fondos que hubiere se destinarán a beneficencia pública local, y el Museo, Biblioteca y demás enseres se entregarán, previo inventario y en calidad de depósito, al Ayuntamiento u otra entidad de solvencia de la localidad.”

Dada a situación de bloqueo da extinción da “Sociedad pro-Monte”, a necesidade de protexer e garantir o carácter público das súas propiedades, a necesidade de mantemento dalgunhas destas propiedades con fondos munici-



pais, e seguindo as recomendacións dos servizos xurídicos da Xunta de Galicia e do propio concello da Guarda, a entidade local interpuxo unha demanda xudicial como última saída.

Nestes últimos días O xulgado número 1 de Tui ditou sentenza en primeira instancia favorable a demanda interposta polo concello da Guarda na que declara “a disolución da “Sociedad pro-Monte” e a apertura da fase de liquidación

da mesma, previa a súa extinción, recoñecendo o dereito do concello da Guarda a que se lle entreguen en calidade de depositario, os bens propiedade da citada entidade.”

Entre os bens da “Sociedad pro-Monte”, que pasarán ao concello da Guarda en depósito cando remate o proceso, están: o Parque do Cancelón, o Centro Cultural, a Casa da Cultura, o arquivo da Sociedade e os fondos do Museo Arqueolóxico.

A Guarda conmemora as Letras Galegas cun tendal de Poemas

Achégase a conmemoración das Letras Galegas e para celebralo nesta ocasión a Concellería de Cultura propón unha iniciativa na que pretende que toda a veciñanza comparta e divulgue os versos e poemas escritos na nosa lingua.

A proposta “Tendal de Poemas” empraza ós veciños da Guarda,

especialmente ás familias con nenos, a que escollan un poema en lingua galega e o escriban sobre un lenzo de tea, acompañando dunha bonita decoración ó gusto. O material a utilizar pode ser unha prenda de roupa vella (camiseta) ou anaco de tea (saba, mantel...) ó que lle demos forma de prenda de roupa.

Tamén se poden conseguir siluetas xa listas para decorar nas librerías da vila: Cervantes, Ler ou Ideas.

Os traballos poderán ser colocados polos participantes no tendal que se disporá na contorna do Auditorio de San Benito a partir do xoves 14 de maio, ou se pode contactar coa concellería

de cultura a través de cultura@aguada.es e o colocará o persoal municipal. Os traballos permanecerán ata final de mes, se a climatoloxía o permite.

Podes ampliar a información nas Bases ou contactar con cultura@aguada.es ou no teléfono 98661000 ext.5 para calquera dúbida.



O remendón
CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimax

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreza, Peixes do Río, Cocido a Frío, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 / Coco 646 424 968
Telf. 906 658 313 / Rúa da Fraga, 5 / SALVATERRA DE MIÑO (PO)

milfollas

LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 · PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 · SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

MARTIRENA



FUCO PRADO

